

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 9716** *Corrección de erros do Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial para adecualas á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

Advertidos erros no Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial para adecualas á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, publicado no «Boletín Oficial do Estado», suplemento en lingua galega número 125, do 22 de maio de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 7 ao final do primeiro parágrafo, na páxina 8 ao final do noveno parágrafo, na páxina 12 ao final do oitavo parágrafo, na páxina 14 ao final do oitavo parágrafo, na páxina 24 ao final do primeiro parágrafo, na páxina 28 ao final do quinto parágrafo, na páxina 30 ao final do quinto parágrafo, na páxina 36 ao final do antepenúltimo parágrafo, na páxina 42 ao final do antepenúltimo parágrafo, na páxina 48 ao final do terceiro parágrafo, na páxina 56 ao final do terceiro parágrafo, na páxina 60 ao final do segundo parágrafo do punto 1.2 do número doce, e na páxina 63 ao final do segundo parágrafo, debe engadirse a frase: «A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro.»

Na páxina 65, no punto vinte 1. Certificado de dirección técnica, onde di: «Localización da instalación (titular, enderezo e N.º REI)», debe dicir: «Localización da instalación (titular, enderezo e N.º de Rexistro Integrado Industrial)».

Na páxina 68, na alínea a) do punto 7, onde di: «a) Ter contratado con entidade debidamente autorizada un seguro de responsabilidade civil, aval ou outra garantía financeira que cubra especificamente esta actividade con cobertura mínima por accidente de 500.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.», debe dicir: «a) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, con cobertura mínima por accidente de 500.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.».